

CEIP San Marcos de Cartelle

Coidamos do noso planeta!

Ola! Esta semana adicámola ao medio ambiente. Para traballar este tema, imos empezar polos arquivos adxuntos que vos deixamos nas tarefas desta semana, titulados "Nuestro planeta Tierra" e "Quiero cuidar el medio ambiente". Tendes que lelos en voz alta e facer un resumo de cada un deles. Poden ser un galego e outro en castelán, si queredes, pero non misturado!! Os resumos deben ser de entre 20 – 25 liñas.

Agora visualizade o seguinte corto e responde:

<https://www.facebook.com/hopevideosparaelcambio/videos/967012543729728/>

- 1- Inventa o final que a ti che gustaría. Si se parece ao do neno non pasa nada, explícao coas túas palabras pero non o copies igual (mínimo 5 liñas). Podes facer un debuxo tamén.
- 2- Que significa **refugiados climáticos**?
- 3- Que pasará en 2050 se non cambiamos?
- 4- Que opinas ti de todo isto?

A continuación completade a ficha de Inglés que tendes nos adxuntos, "**5 Ways We Can Help Our Earth**". Tendes que pensar en cinco formas nas que podedes axudar ao noso planeta. Facede os cinco debuxos e escribide, en inglés, a acción de cada debuxo, por exemplo: "**I can save water.**" ou "**I can plant a tree.**"

E posto que esta semana celebramos o coidado do noso ambiente, dende o centro propoñemos unha serie de xogos que podedes levar a cabo con material reciclado para, desta forma, fomentar o desenvolvemento sostible e o coidado polo medio ambiente:


- Os bolos: Cunhas botellas de plástico ou de leite, podedes xogar con elas ós bolos.
- As chapas: Podedes xogar as chapas con tapóns de botellas.
- Tiente: Cunhas follas de periódicos colocadas na cintura, suxentándoas cos pantalóns, podedes xogar a pillar intentando robar as colas dos vosos compañeiros e compañeiras de xogo.
- A Rá: Collendo unha caixa de cartón, podedes facerlle buratos de distinto tamaño e, posteriormente, tirar as chapas e intentar metelas por eses buratos. Os buratos poden ser de distintos tamaños. Podedes poner unha puntuación a cada burato, en función do seu tamaño, tendo máis puntuación os buratos pequenos.
- Lanzamento de aros: Con caixas de cartóns, podedes crear o voso propio aro. Despois, podedes xogar a lanzar o aro a unha botella.

Para seguir responde de ás seguintes cuestións:

1) Buscad cuales de estos países contaminan más actualmente y, después, ordenadlos de menor a mayor, en función de su contaminación. Recordad usar los signos matemáticos “>”o “<”, según corresponda.

Rusia, Estados Unidos, India, Japón, China

2) En esta imagen podéis ver los países que más CO2 emitieron en el año 2006. Sumad las cifras de los 5 países más contaminantes. Después, sumad las cifras de los 5 países menos contaminantes. Por último, haced una resta con los resultados obtenidos.



3) Si Irán emitió 471 emisiones de CO2 en 2006, cuantas emisiones tendría si su tamaño fuera 85 veces superior?

4) Si dividiésemos Estados Unidos en 24 partes, ¿cuántas emisiones de CO2 hubiese tenido en 2006?

5) Multiplica las emisiones de Canadá con las del Reino Unido.

E despois...



ARTE MUSICAL NATURAL

A importancia da reciclaxe chega ao mundo artístico, tanto da música como da arte plástica.

Esta semana imos descubrir e elaborar cotidiáfonos. Sabedes que son?

Construíde e diseñade os vosos propios instrumentos.

Soprededenos! 🦉

Podedes facer un vídeo ou fotos do proceso creativo. Ao rematar inventade un nome orixinal para chamar os vosos instrumentos e mostrádenos como se tocan e o son que producen.

Non vos esquezades de explicarnos que son os cotidiáfonos e porqué se chaman así.

Comezamos artistas!! 🎵

https://youtu.be/10JUZS7Fp_Y

Para finalizar, un pequeno repaso:

Os determinantes son palabras que acompañan ao nome e concordan con el en xénero e número. Exemplos:

- A gata grande.
- O can pequeno.

Os pronomes son palabras que substitúen ó nome:

- Aquel é grande.
- Esta é vermella.

Os determinantes e os pronomes poden ser de distintos tipos. A continuación imos repasar os que tratamos este curso, que son os artigos, os demostrativos e os posesivos:

- Artigos: Poden ser determinados ou indeterminados. Os determinados refírense a algo concreto e cercano a nós, e os indeterminados a algo menos cercano para nós.
 - ✓ Artigos determinados: O, a, os, as
 - ✓ Artigos indeterminados: Un, unha, uns, unhas
- Demostrativos: Poden indicar algo que está cerca, algo que está un pouquiño afastado e algo que está moi lonxe.
 - ✓ Cerca: Este, estes, esta, estas.
 - ✓ Medio: Ese, eses, esa, esas.
 - ✓ Lonxe: Aquel, aqueles, aquela, aquelas
- Posesivos: Indican unha posesión:

- ✓ Meu, meus, miña, miñas.
- ✓ Teu, túa, teus, túas.
- ✓ Seu, súa, seus, súas.

Agora que xa repasamos esta temática, escribide unha redacción sobre o medio ambiente na que se inclúan, polo menos, cinco artigos, cinco demostrativos e cinco posesivos. Vixiade as regras de acentuación.